

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de maio de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vinte e cinco minutos do día seis de maio de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(434).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(435).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO E SOPORTE DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS PROPIEDAD DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 7760/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.05.16, e o informe de fiscalización, do 5.05.16, dáse conta do informe-proposta do xefe de Administración Electrónica, do 5.05.16, conformado polo xefe da Área de Benestar Social, o concelleiro delegado de Política Social, o concelleiro delegado de Economía e Facenda, e o concelleiro delegado de Administración Electrónica, que di o seguinte:

INFORME:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. (TRLCSP)

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de 31/03/2016 o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica acordou iniciar o procedemento de contratación do servizo para o mantemento de aplicacións desenvolvidas con medios propios do Concello.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade da contratación do xefe de Administración Electrónica de 30/03/2016
- Resolución do Concelleiro delegado de Administración Electrónica de 31/03/2016 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica de data 13/04/2016 .
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto de data 04/05/2016 .
- Informes favorables ó expediente de contratación do Xefa Servizo Recursos e Asesoramento-Asesoría Xurídica da Asesoría Xurídica de 22/04/2016 e 04/05/2016.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación de acordo co disposto no art 109-1 da TRLCSP iniciárase polo Órgano de Contratación, no concello de Vigo esta competencia está delegada por Decretos de Delegación de Alcaldía de data 19/06/2015 e modificación da resolución de delegacións de alcaldía de data 15 de xaneiro de 2016 . O Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en resolución de 31/03/2016 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o art 109-3 do TRLCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo xefe de Administración Electrónica e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola Xefa da oficina administrativa de Contratación.

Terceiro: O procedemento elixido para a contratación é procedemento aberto segundo a lexislación vixente.

Cuarto.- : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei

57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e segunda, da Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público, emitiuse pola Asesoría Xurídica do concello de Vigo os días 22/04/2016 e 04/05/2016, informe favorable ó expediente de contratación devolvéndoo co prego de cláusulas administrativa particulares informado de conformidade.

Quinto.-Según a Lei 5/2014 de 27 maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, este servizo ostenta competencias propias prevista no artigo 25.2 d) "Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade" da Lei 7/85, Reguladora das Bases de réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013.

Sexto.-No artigo art 109-3 do TRLCSP establece que ó expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a súa aprobación, do expediente.

Séptimo.-A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º Lei 3/2011, de 14 de Novembro Texto Refundido da Lei contratos do Sector Público. A resolución, segundo o artigo 109-4 do TRLCSP, deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

PROPOSTA

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto do servizo para o mantemento de aplicacións desenvolvidas con medios propios do Concello, que contén o prego de prescricións técnicas de data 13/04/2016 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 04/05/2016.
2. Aproba-lo gasto de 139.000,00 € para para a contratación do servizo para o mantemento de aplicacións desenvolvidas con medios propios do Concello con cargo as partidas 2270601-9207 (Adaptación e melloras en aplicativos), 2270603-9207 (Servizos e traballos técnicos) e 2279900-2310 (Estudios e traballos técnicos) do presuposto dos anos 2016 e 2017 atendendo ó seguinte desglose:

Partida		Exercicio	IVA	Base	Importe
2270601-9207	Adaptación e melloras en aplicativos	2016	3.123,97 €	14.876,03 €	18.000,00 €
2270603-9207	Servicios e traballos tecnicos	2016	1.909,09 €	9.090,91 €	11.000,00 €
2279900-2310	Estudios e traballos técnicos	2016	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
2270601-9207	Adaptación e melloras en aplicativos	2017	4.338,84 €	20.661,16 €	25.000,00 €
2270603-9207	Servicios e traballos tecnicos	2017	4.338,84 €	20.661,16 €	25.000,00 €
2279900-2310	Estudios e traballos técnicos	2017	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
Total			24.123,97 €	114.876,03 €	139.000,00 €

3. Abrir-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(436).- TOMA DE COÑECEMENTO DA REANUDACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO MERCADO DO PROGRESO E DA APROBACIÓN DA PARALIZACIÓN TEMPORAL DESTAS. EXPTE. 1213/106.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22.04.16, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, e conformado polo secretario de Admón. Municipal, o concelleiro-delegado de Comercio e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, con data 4.05.16, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 30/12/2014, acordou a adxudicación á empresa CIVISGLOBAL, S L da obra de "Acondicionamento do Mercado do Progreso" (expte. 1213/106) cun prazo de execución de 3 MESES (90 días).

Con data 26 de xaneiro de 2015 asínase a acta de comprobación de replanteo e inicio das obras.

Con data 10 de abril de 2015 asínase a acta de suspensión temporal parcial da obra, baseada na necesidade de que os comerciantes titulares das concesións de dominio no mercado realicen traballos nos seus postos ubicados no interior do edificio, de xeito que se poida proceder ao traslado á súa ubicación definitiva dos postos provisionais que agora ocupan as instalacións a desmontar na zona exterior.

Con data 8 de maio de 2015 a XGL acordou tomar coñecemento da acta de comprobación de replanteo (...) e prorrogar o prazo contractual para a execución das obras de acondicionamento do Mercado do Progreso (...) por un prazo de tempo igual ao que transcorrese entre o 10 de abril de 2015, no que se asina a acta de suspensión temporal da obra, e o día no que os comerciantes titulares das concesións de dominio rematasen os traballos de instalación dos seus propios postos no interior do mercado.

A data de hoxe aínda non se pode completar a execución dos traballos da obra municipal de "Acondicionamento do Mercado do Progreso" xa que os comerciantes aínda están ocupando o mercado provisional e non se pode iniciar a súa desmontaxe. Para poder posibilitar este traslado precisouse executar o pavimento de resinas previsto na obra municipal nas zonas comúns da planta baixa do mercado. Deste xeito, e unha vez completada a execución do acondicionamento interior dos postos de venda, sería posible autoriza-la apertura desta planta comercial e, unha vez trasladados os comerciantes, poderíase executa-la derruba da construción do mercado provisional. Así, con data 17 de marzo de 2016 asinouse a acta de reanudación da obra de acondicionamento do Mercado do Progreso, rubricada pola dirección facultativa dos arquitectos municipais D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, a dirección de execución encomendada ao aparelador municipal D. Aurelio Adán Fernández, a empresa constructora CIVISGLOBAL representada por D. Carlos Paz Fernández, e o responsable do contrato D. Álvaro Crespo Casal. Procede a remisión desta para dar conta á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que figura no expediente.

Unha vez executada a partida de obra indicada non existen partidas que se poidan executar sen depender da completa execución do acondicionamento dos postos por parte dos comerciantes e sen que se produza o seu traslado polo que ata ese momento non é posible rematar a execución da obra contratada.

En consecuencia e considerando que non se pode estimar a día de hoxe a data na que se atopará resolta dita circunstancia asíñouse con data data 28 de marzo de 2016 a acta de paralización total número 2 da execución da obra de acondicionamento do Mercado do Progreso, rubricada pola dirección facultativa dos arquitectos municipais D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, a dirección de execución encomendada ao aparelador municipal D. Aurelio Adán Fernández, a empresa constructora CIVISGLOBAL representada por D. Carlos Paz Fernández e o responsable do contrato D. Álvaro Crespo Casal. Procede a remisión da mesma para dar conta á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Dar conta da acta de reanudación da obra do acondicionamento do Mercado do Progreso asinada o día 17 de marzo de 2016 por D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, a dirección de execución encomendada ao aparelador municipal D. Aurelio Adán Fernández, a empresa constructora CIVISGLOBAL representada por D. Carlos Paz Fernández e o responsable do Contrato D. Álvaro Crespo Casal; para executar, pavimento de resinas previsto na obra municipal, nas zonas comúns de planta baixa do mercado.

Segundo: Dar conta da acta de paralización total núm. 2 da execución da obra do Mercado do Progreso asinada o día 28 de marzo de 2016 por D. Juan Luís Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, a dirección de execución encomendada ao aparelador municipal D. Aurelio Adán Fernández, a empresa constructora CIVISGLOBAL representada por D. Carlos Paz Fernández, e o responsable do Contrato D. Álvaro Crespo Casal; quedando condicionada á reanudación da obra á completa execución do acondicionamento por parte dos comerciantes.

Terceiro: Prorrogar o prazo contractual para a execución das obras de acondicionamento do mercado do progreso, adxudicadas á constructora CIVISGLOBAL, en data 30 de decembro do 2014, por un prazo de corenta e cinco días (45) contados a partir da data na que a dirección facultativa das citadas obras comunique a data de finalización dos traballos de acondicionamento que están a realizar os titulares da concesión nos seus postos coa presentación da correspondente acta de recepción.

Cuarto: Dar conta á Xunta de Goberno Local da modificación das anualidades da obra de remodelación do Mercado do Progreso (exp. 1213/106) dacordo coa táboa que se achega.

*Exp. 1213/016. Obras de acondicionamento do Mercado do Progreso. CIVIS GLOBAL, S L U
Partida orzamentaria: 4310.632.00.00.*

Ano	2015	2016	Total
Existente	695.085,48	135.418,59	830.504,07

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(437).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11483/306.

Dáse conta da proposta do 5.05.16, asinada polo secretario da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de Contratación celebrada o 4 de maio de 2016, acordou:

5.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areais do concello de Vigo.(expediente 11483-306).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“ Primeiro: tomar razón do acordo da Mesa de Contratación, adoptado na sesión de data 20 de abril de 2016 de “excluír da licitación a proposta presentada pola mercantil AP 10, S.L. xa que non declarou solvencia económica suficiente para executar o o contrato

“Segundo.- - Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areais do concello de Vigo.(expediente 11483-306).” no seguinte orde decrecente:

CLASIFICACIÓN	EMPRESA	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE XUÍZO DE VALOR	PUNTUACIÓN CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA	PUNTUACIÓN TOTAL
1 ^a	EMSEBUR, S.L.	6	82,13	88,13
2 ^a	INTUR ESPORT, S.L.	0,75	77	77,75
3 ^a	CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	9	67,24	76,24

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMSEBUR, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 760,86 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

5(438).- LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, COMPOSICIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN E LUGAR E DATAS DAS PROBAS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2012. EXPTE. 28011/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 06/05/16, dáse conta do informe-proposta do 06/05/16, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa de área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de área, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28 de decembro de 2012, acordou aprobar a Oferta de Emprego Público correspondente ao citado exercicio (publicación no BOP do 03/07/2013 e no DOG do 26/07/2013).

2.- As bases xerais reitoras dos procesos selectivos e as bases específicas correspondentes ás prazas que configuran a Oferta de Emprego Público 2012 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de marzo de 2016, tendo sido publicadas no BOP o 16/03/2016.

3.- Por Resolución do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal de 17/03/2016 (BOE nº 80, do sábado 02/04/2016 e BOP nº 63, do luns 04/04/2016) procedeuse á convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas seguintes:

- Administrativo/a de Administración Xeral (4 promoción interna),
- Auxiliar de Administración Xeral (5 promoción interna das que 1 se reserva a discapacitados/as),
- Inspector/a Auxiliar de Obras, Servizos e Infraestruturas (1 promoción interna),
- Conductor/a-Bombeiro/a (2 oposición libre),

- Oficial Conductor/a (3 promoción interna),
- Oficial Xardineiro/a (2 promoción interna), e
- Oficial Instalacións Municipais (1 promoción interna).

4.- Rematado o prazo de presentación de instancias -20 días naturais- o día 22 de abril do 2016 para o persoal funcionario, e o día 25 de abril de 2016 para o persoal laboral por promoción interna, en data 05/05/2016 pola Concellería-delegada de Xestión Municipal e Persoal, ditouse Instrución para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes.

Así mesmo, procedeuse a verificación documental das solicitudes presentadas, de conformidade coas bases reitoras das convocatorias, con indicación da lista de excluídos en cada unha das prazas convocadas, comprobándose así mesmo que todos/as os membros designados/as en cada un dos órganos de selección, están en posesión de titulación igual ou superior a esixida en cada unha das convocatorias, e pertencen a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual ou superior á esixida para participar en cada un dos procesos selectivos, contando con carácter xeral, todos eles coa especialidade técnica requirida para a mesma, nos termos recollidos no informe técnico de data 05/05/2016 anexo ao expediente.

En consecuencia, procede elevar ao órgano competente proposta de aprobación dos referidos aspectos.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que:

“Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén”.

Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

“1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:

- a) O persoal de elección ou de designación política.*
- b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.*
- c) O persoal eventual.*

d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.

4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do

procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.

7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos.”

II.- O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

III.- Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, xa contemplaba no seu artigo 127.1, apartado h) que a composición dos tribunais de oposicións será predominantemente técnica, debendo posuír todos os seus membros un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso nas prazas convocadas.

En consecuencia, visto o recollido na Base 7ª das Bases Xerais reitoras dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público 2012 en canto á competencia da Xunta de Goberno Local, e considerando igualmente o disposto no artigo 127 citado anteriormente, propónse ao dito órgano a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nos procesos selectivos convocados para a provisión das seguintes prazas: Administrativo/a de Administración Xeral (4 promoción interna), Auxiliar de Administración Xeral (5 promoción interna das que 1 se reserva a discapacitados/as), Inspector/a Auxiliar de Obras, Servizos e Infraestruturas (1 promoción interna), Conductor/a-Bombeiro/a (2 oposición libre), Oficial Conductor/a (3 promoción interna), Oficial Xardineiro/a (2 promoción interna), e Oficial Instalacións Municipais (1 promoción interna), contidas na Oferta de Emprego público correspondente ao ano 2012, e en consecuencia declarar admitidos á totalidade dos aspirantes presentados a excepción dos que expresamente se exclúen en listado subseguinte, nos termos dos informes emitidos polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos en datas 02/05/2015 e 05/05/2015 e polos motivos indicados co código correspondente:

**INSPECTOR/A AUXILIAR DE OBRAS, SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS
PROMOCIÓN INTERNA**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
1	AMOEDO MOREIRA	JOSE LUIS	36073079V	5
2	GOBERNA TRIGO	FIDEL	36061313G	5

**CONDUTOR-BOMBEIRO
QUENDA LIBRE**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
1	ABELLEIRA DIZ	JORGE	77461170E	3
2	BALADRÓN PAZOS	JAVIER	77415632R	3
3	CANITROT OTERO	MARCIAL	44809264C	3

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
4	DASILVA HERBELLO	DANIEL	36169099N	3
5	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	XANDRÉ	44476398X	1
6	GONZÁLEZ ALVITE	ESTANISLAO	47376342E	3
7	GONZÁLEZ POSADA	JUAN DIEGO	53177655E	2,3
8	IGLESIAS GONDAR	FRANCISCO JESÚS	76934530J	3
9	LAMAS MATILDE	SERGIO	77004557M	3
10	LÓPEZ GARCÍA	IVÁN	44820959P	3
11	MARTÍNEZ MARTÍNEZ	JOSÉ ANTONIO	76723130Y	3
12	PARENTE MARTÍNEZ	JOSÉ FRANCISCO	52932142B	3
13	ROMERO GARCÍA	CARLOS	39456284Z	3
14	ROSALES CARAZO	ADRIÁN	77009198T	3
15	VALIÑO SANMIGUEL	RICARDO	33298248K	3
16	VALVERDE RIOS	CHRISTIAN	53184389V	3
17	VIDAL BRAVO	DANIEL	53482638W	3

OFICIAL CONDUTOR/A
PROMOCIÓN INTERNA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA
1	ALVES GONZÁLEZ	URBANO	76998329X	4

CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS

- (1) Por falta de sinatura da solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.
- (2) Por non acreditación da identidade mediante copia simple do DNI/NIE.
- (3) Por non acreditar ou, a lo menos, manifestar estar en posesión dos permisos de conducir C+E, solicitados na Base IV das Específicas da convocatoria de Condutor/a-Bombeiro/a, ou por verificar a caducidade do dito permiso.
- (4) Por non ser persoal laboral fixo ao servizo da Corporación equiparado ao grupo E de titulación segundo Base III das específicas da convocatoria.
- (5) Por non acreditar que desenvolve funcións de inspección no grupo E de titulación acreditables en acto administrativo ao efecto (encomenda de funcións) segundo a Base III das específicas.

Segundo.- De conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, os aspirantes excluídos dispoñen de un prazo de emenda de deficiencias, achega de documentación e recusación dos membros dos órganos de selección de 10 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia; emenda que deberá realizarse inescusablemente mediante a presentación da documentación no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou nas demais formas que determina o artigo 38 da citada Lei, no modelo de solicitude que figura como anexo ao presente acordo, advertíndoselle que de non facelo serán declarados definitivamente excluídos.

Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.vigo.org), sen necesidade de novo anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Dar conformidade á proposta para a designación dos membros integrantes dos órganos de selección, lugares e datas de celebración dos exercicios correspondentes, efectuada polo Concelleiro-delegada de Área de Xestión Municipal e Persoal, contida en Instrución de data 05/05/2016, acordando que os órganos de selección quedarán integrados polos seguintes membros:

Presidente.-

Administrativo/a de Administración Xeral: Titular: D^a. M^a Jesús Magdalena Vila, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. M^a Carmen Pazos Area, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Auxiliar de Administración Xeral: Titular: José Rodríguez García, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Carla Candia Paz, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Inspector/a Auxiliar de Obras, Servizos e Infraestruturas: Titular: D. Aurelio Adán Fernández, Enxeñeiro da Edificación da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente: D. Benjamín A. Collazo Rodríguez, Enxeñeiro Industrial do Concello de Vigo.

Condutor/a Bombeiro/a: D. Guillermo Domínguez López, Oficial SEIS do Concello de Vigo. Suplente: D. Antonio Vivero Mijares, Licenciado en Dereito do Concello de Vigo.

Capataz Parque Móbil: Titular: D^a. M^a Carmen Pintado Rodríguez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Oficial Condutor/a: Titular: D^a. Carla Candia Paz, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente: D. Álvaro Crespo Casal, Enxeñeiro Industrial do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro/a: Titular: D. Óscar Couce Senra, Técnico de Xestión do Concello de Vigo. Suplente: D. Jesús Núñez-Torrón López, Analista de Laboratorio do Concello de Vigo.

Oficial Instalacións Municipais: Titular: D. Gustavo Rodríguez Bartol, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Jesús Núñez-Torrón López, Analista de Laboratorio do Concello de Vigo.

Secretario/a .-

Administrativo/a de Administración Xeral: Titular: D^a. Mónica Domínguez Estévez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. Suplente: D. Ramón A. Hermida-Cachalvite Vázquez, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Auxiliar de Administración Xeral: Titular: D. Lucio Varela Borreguero, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Gustavo Rodríguez Bartol, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Inspector/a Auxiliar de Obras, Servizos e Infraestruturas: Titular: D^a. M^a. del Carmen Pazos Area, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. Manuel A. Córdoba Ardao, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Condutor/a Bombeiro/a: Titular: D. Lucio Varela Borreguero, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D. José Rodríguez García, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Capataz Parque Móbil: Titular: D^a. Ángela Fernández López, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Carla Candia Paz, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Oficial Condutor/a: Titular: D^a. Lorena López Rodríguez, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Ángela Fernández López, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro/a: Titular: D^a. Marta Riobó Ibáñez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo. Suplente: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, Técnica de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Oficial Instalacións Municipais: Titular: D^a. Carla Candia Paz, Técnica de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Suplente: D. Pablo Olmos Pita, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.

Vogais.-

Administrativo/a de Administración Xeral:

1º Titular: D^a. Josefa de Castro Mosquera, Administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo.

- Suplente: D. Secundino Otero Faílde, Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. José Manuel Vieites Alén, Administrativo do Concello de Vigo.
Suplente: D. Daniel Álvarez Vázquez, Administrativo do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D^a. Mónica Freire Miguéns, Administrativa do Concello de Vigo.
Suplente: D. Javier Muradás Blanco, Técnico de Xestión do Concello de Vigo.

Auxiliar de Administración Xeral:

- 1º Titular: D^a. Benilde Bilbao Echegaray, Administrativa do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Carmen Gloria González Vicente, Administrativa da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- 2º Titular: D^a. Carmen M^a Sanz Alonso, Auxiliar administrativa do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Ana Isabel Fontán Riveiro, Administrativa do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D^a. Rosa M^a Sancecilio Viéitez, Administrativa do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. Estíbaliz García Guntiñas, Auxiliar Administrativa do Concello de Vigo.

Inspector/a Auxiliar de Obras, Servizos e Infraestruturas:

- 1º Titular: D. José A. Cancelo Mariñas, Delineante adscrito á Xerencia Municipal de Urbanismo.
Suplente: D. Rafael González Sanmartín, Delineante do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Ventura Oujo Gerut, Inspector de Obras, Servizos e Infraestruturas do Concello de Vigo.
Suplente: D^a. M^a Loreto Romero Gil-Delgado, Inspectora Control Concesionarias do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. José R. Otero Fernández, Delineante do Concello de Vigo.
Suplente: D. Gabriel Martínez Giráldez, Inspector de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

Condutor/a Bombeiro/a:

- 1º Titular: D. Jesús Carballo Magariños, Oficial Condutor do Concello de Vigo.
Suplente: D. Eugenio Falque Fontán, Oficial Condutor do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Celso Novoa González, Condutor-Bombeiro do Concello de Ourense.
Suplente: D. José Manuel Enríquez Molinos, Cabo SEIS do Concello de Ourense.
- 3º Titular: D. David Mosquera Estévez, bombeiro do Concello de Vigo.
Suplente: D. David Álvarez Salgueiro, bombeiro do Concello de Vigo.

Capataz Parque Móbil:

- 1º Titular: D. Manuel Monroy Castro, Enxeñeiro Técnico Industrial do Concello de Vigo.
Suplente: D. Ángel Pillado González, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Óscar Couce Senra, Técnico de Xestión do Concello de Vigo.
Suplente: D. Benjamín A. Collazo Rodríguez, Enxeñeiro Industrial do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Francisco Javier Álvarez Ferreira, Inspector da Policía Local do Concello de Vigo.
Suplente: D. José M^a Raposo Aguiar, Administrativo do Concello de Vigo.

Oficial Condutor/a:

- 1º Titular: D. Eugenio Falque Fontán, Oficial Condutor do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Carlos Illán Lombao, Cabo SEIS do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. José Carlos Centeno Molares, Condutor-Bombeiro do Concello de Vigo.
Suplente: D. David Graña Feijoó, Oficial Condutor do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Florentino Peco Lorenzo, Oficial Condutor do Concello de Vigo.
Suplente: D. Alberto Cid González, Oficial Sepultureiro do Concello de Vigo.

Oficial Xardineiro/a:

- 1º Titular: D. Gilberto Moldes Crespo, Enxeñeiro Técnico Agrícola do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Carlos Pereira Alonso, Oficial Xardineiro do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. M^a Concepción González Costas, Oficial Xardineira do Concello de Vigo.
Suplente: D. Gerardo Sánchez Vicente, Oficial Xardineiro do Concello de Vigo.

- 3º Titular: D. Xosé Antón Sánchez Blázquez, Oficial de Instalacións Municipais do Concello de Vigo.
Suplente: D. Gabriel Martínez Giráldez, Inspector de Medio Ambiente do Concello de Vigo.

Oficial Instalacións Municipais:

- 1º Titular: D. José Néstor Padrón Cibeira, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
Suplente: D. Ángel Pillado González, Enxeñeiro Técnico Industrial da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.
- 2º Titular: D. Pedro M^a Vázquez Iglesias, Técnico Medio de Actividades Culturais e Educativas do Concello de Vigo.
Suplente: D. José Felipe Codesido Rodríguez, Delineante do Concello de Vigo.
- 3º Titular: D. Roberto de la Iglesia Hernández, Axudante Técnico Electromecánicos.
Suplente: D. Federico Rodríguez Prieto, Capataz de Vías e Obras.

Cuarto.- Dispoñer que as datas e lugares de celebración do primeiro exercicio de cada un dos procesos selectivos serán os seguintes:

Administrativo/a de Administración Xeral: Mércores 15 de xuño de 2016 ás 12:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, andar -1, de Vigo.

Auxiliar de Administración Xeral: Xoves 9 de xuño de 2016 ás 12:00 horas na Aula da Policía Local, sita na Policía Local de Vigo, en Praza do Rei nº1, andar -1, de Vigo.

Inspector/a Auxiliar Obras, Servizos e Infraestruturas: Mércores 8 de xuño de 2016 ás 10:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Condutor/a Bombeiro/a: luns 6 de xuño de 2016 ás 08:30 horas no Ximnasio Municipal, sito na Rúa do Carne, da cidade de Vigo.

Capataz do Parque Móbil: Venres 10 de xuño de 2016 ás 11:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Oficial Xardineiro/a: Martes 14 de xuño de 2016 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Oficial Instalacións Municipais: Xoves 16 de xuño de 2016 ás 12:00 horas na Sala Anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello.

Para o suposto de modificación dos lugares e datas de celebración das probas dos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2012, habilitase expresamente ao Concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal para dispoñer tales cambios por resolución do mesmo.

Quinto.- Informar aos/ás aspirantes que as probas efectuaranse en chamamento único, quedando excluídos os/as aspirantes que non concorran. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas. Os sucesivos anuncios publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, nos lugares onde se celebren as probas e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.